

O FUTURO SIMPLE/IMPERFECTO

O futuro presenta a particularidade de adoptar dúas formas diferentes segundo a conxugación da que se trate.

Este tempo é fácil de confundir:

- Co **imperfecto**, especialmente no caso do castelán e galego, na primeira forma.
- Co **presente de subxuntivo** na segunda forma.

1ª FORMA: CONXUGACIÓNS 1ª, 2ª E VERBO *SUM*¹⁵

	1ª conxugación: specto, āvi, ātum “ollar, observar, mirar para”	2ª conxugación: rīdĕo, si, sum “rir”	Verbo sum
1S	specta-bo	ride-bo	ero
2S	specta-bis	ride-bis	eris
3S	specta-bit	ride-bit	erit
1P	specta-bimus	ride-bimus	erimus
2P	specta-bitis	ride-bitis	eritis
3P	specta-bunt	ride-bunt	erunt

No caso do verbo *possum*, que, como xa vimos, se declina igual que *sum*, non teremos a forma *pos-*, senón *pot-*, xa que a terminación coa que se une comeza en vogal:

	SG	PL
1ª	<i>pot-ero</i>	<i>pot-erimus</i>
2ª	<i>pot-eris</i>	<i>pot-eritis</i>
3ª	<i>pot-erit</i>	<i>pot-erunt</i>

2ª FORMA: CONXUGACIÓNS 3ª, 4ª E MIXTA¹⁶

	3ª conxugación: dūco, xi, ctum “dirixir, conducir”	2ª conxugación: sciō, īvi, ĩtum “saber, coñecer”	Mixta: cāpio, cēpi, captum “tomar, coller, capturar, captar”
1S	duc-am	sci-am	capi-am
2S	duc-es	sci-es	capi-es
3S	duc-et	sci-et	capi-et
1P	duc-emus	sci-emus	capi-emus
2P	duc-etis	sci-etis	capi-etis
3P	duc-ent	sci-ent	capi-ent

¹⁵ A formación deste tempo é: tema de presente, morfema de futuro imperfecto *b*, vogal de unión breve *i/u* e desinencias activas.

¹⁶ A formación deste tempo é: tema de presente, morfema de futuro *ā* na 1ª persoa do singular, *ĕ* na 3ª persoa do singular e *ē* no resto das formas e desinencias activas. A conxugación mixta ten como peculiaridade que se forma coma a 3ª, pero ten a primeira persoa do singular do presente de indicativo en *-io*. Engádoa aquí porque a formación do tema de futuro faise a partir do tema de presente.

EXERCICIOS

1. INDICA CALES DESTAS FORMAS ESTÁN EN FUTURO DE INDICATIVO E EN QUE PERSOA E NÚMERO ESTÁN. SE NON ESTIVISEN EN FUTURO, INDICA EN QUE TEMPO ESTÁN:

<i>sentiet</i>	Futuro. 3ª p.sg.
<i>terrebant</i>	
<i>redigemus</i>	
<i>tenebo</i>	
<i>gerebam</i>	
<i>debebis</i>	
<i>eramus</i>	
<i>saliunt</i>	
<i>finies</i>	
<i>servabit</i>	
<i>occidit</i>	
<i>studebas</i>	

servo, servas, servare, servavi, servatum (1ª): conservar, preservar, manter. *occido, occidis, occidere, occidi, occisum* (3ª): golpear con forza; matar, asasinar.

studeo, studes, studere, studui, - (2ª): esforzarse en; estudar. *redigo, redigis, redigere, redegí, redactum* (3ª): facer volver; reducir.

teneo, tenes, tenere, tenui, tentum (2ª): ter; soste; posuír. *salio, salis, salire, salivi, salitum* (3ª): saltar, brincar.

finio, finis, finire, finivi/finii, finitum (3ª): pór término, limitar; rematar. *sentio, sentis, sentire, sensi, sensum* (4ª): sentir; percibir; notar.

gero, geris, gerere, gessi, gestum (3ª): administrar, levar consigo.

2. ANALIZA SINTACTICAMENTE E TRADUCE AS SEGUINTE ORACIÓNS:

Romani Afros navali pugna vincebant

Análise

Trad.:

Romani multa proelia contra vicinas gentes habebant

Análise

Trad.:

Pax omnibus locis erit atque Romani bellum non habebunt

Análise

Trad.:

Omnia reliqua communia erunt

Análise

Trad.:

Afer, afra, afrum adx: africano, de África
Communis, -e adx: común.

Proelium, -ii n: combate, batalla.
Reliquus, -ua, -uum adx.: restante, que queda.

 Ad spectaculum gladiatorum veniemus

Análise

Trad.:

 Omnes naves hostium capient

Análise

Trad.:

A SIBILA E O INFRAMUNDO



Ilustración 9: Eneas levado pola Sibila ao inframundo. Jacob Isaacs van Swanenburgh. s. XVII.

Neptunus Troianis ventos bonos dedit. nimbis e caelo statim discesserunt. naves per mare sine periculo navigaverunt et ad terram mox advenerunt. nautae e navibus laeti cucurrerunt: in Hesperia tandem erant. pater Aeneas scopulos ascendit; templum statim vidit. erat prope templum magnum antrum ubi habitabat Sibylla. Sibylla Aeneam subito vocavit: 'Troiane, precibus deos voca! tum futura audies.' Aeneas 'o magni dei!' clamavit. 'magnae deae! Hesperiam Troianis date! o Sibylla domina, futura Troianorum mihi monstra!

Neptunus -i m Neptuno

ventus -i m vento

nimbus -i m nube

sine (+ abl) sen

Hesperia -ae f Hesperia (a terra prometida dos troianos)

scopulus -i m escollo, penedo.

ascendo -ere -i (3ª) ascender, subir, trepar.

prope (+ acc) cerca de

antrum -i n cova, caverna, gruta, antro.

ubi adv. onde

Sibylla -ae f a Sibila

preces -um f pl pregarías

futura -orum n pl o futuro (lit.: as cousas futuras)

monstro, monstrare (1ª) revelar, amosar.